Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
XOVES, 12 DE NOVEMBRO DE 2026 | JUEVES, 12 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 217

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Secretaría

Aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Rianxo, en sesión ordinaria celebrada o 30/07/2026, acordou aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Rianxo, o que se someteu a información pública polo prazo de vinte días por medio de anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, núm. 149, do 7/08/2026.

O Pleno do Concello de Rianxo en sesión extraordinaria urxente do día 19/10/2026, resolveu sobre as alegacións formuladas contra o acordo de aprobación inicial, e acordou aprobar definitivamente a relación de postos de traballo do Concello Rianxo, cuxos documentos están a disposición pública na URL https://concelloderianxo.gal/organigrama

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que o acto anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1 da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a publicación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta do mesmo.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra o presente acto recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a publicación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente

Rianxo, 9 de novembro de 2026

O alcalde, Julián Bustelo Abuín

2026/7322